



Concello de Lourenzá

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
286/2023	El Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «PLENO ORGANIZATIVO»
Data	14 de xullo de 2023
Duración	Desde as 11:03 ata as 11:30 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	Rocio López García
Secretario	Ana Barreiro Gómez

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apellidos	Asiste
****9624R	FRANCISCO JAVIER SUAREZ VÁZQUEZ	SÍ
****1327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
****5319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
****1773T	MARIA BELEN FANEGO BARREIRA	SÍ
****3740C	MARIA MERCEDES DENGRA SIXTO	SÍ
****4382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
****6672Y	ROBERTO DÍAZ EXPÓSITO	SÍ
****0879X	ROCÍO LÓPEZ GARCÍA	SÍ
****4453C	SANDRA GÓMEZ MARADONA	SÍ
****9271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ
****6541B	REMEDIOS GALLO FERNÁNDEZ	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.





Concello de Lourenzá

A) PARTE RESOLUTIVA

1º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE 30/06/2023 SOBRE ASIGNACIÓNS DE DEDICACIÓNS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Vista a proposta da Alcaldía de data 30/06/2023 referente á ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓNS Á MEMBROS DA CORPORACIÓN, e unha vez que Alcaldía explicou o contido da mesma e matizou que non percibirían ningunha cantidade nin por desprazamentos nin por axudas de custo, abriuse a rolda de intervencións:

En primeiro lugar o Sr. Arango pide que se explique porqué o voto en contra dos membros do Partido Popular, se é porque lles parece pouco ou moito.

O Sr. Díaz Expósito di que quere que se aclare o das dietas, aínda que vai noutro punto.

Intervén a Sra. Gallo dicindo que o voto é un no rotundo no que se refire á asignación do Teniente de Alcalde, non polo importe senón polas horas que lle parece esaxerado para 20 horas á semana, que é un soldo de funcionario.

A Sra. Alcaldesa expón que xa saben todos que non son 20 horas a semana, senón que é unha dedicación diaria de 24 horas.

O Sr. Arango di que a Alcaldía estrela do P.P. a de Ribadeo púxose un soldo de 52.000 euros máis dúas concellerías de 20.000 e 18.000 euros.

Os Sres. Díaz e Gallo din que están falando da de Lourenzá.

O Sr. Arango cita varias Alcaldías do P.P. que cobran máis que o Alcalde da Coruña e que neste Concello non se subiu o soldo dende hai 8 anos.

Dado por finalizado o debate, o Pleno, en votación ordinaria e con oito votos a favor, do P.S. de G.-P.S.O.E. e do B.N.G. e tres en contra, do P. Popular adoptou o acordo seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a Proposta de referencia nos termos nos que está redactada, sendo o seu contido literal o que segue:

“Pola Alcaldía-Presidencia deste Concello, á vista do disposto no artigo 13.3 e 4 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e artigo 225 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, no artigo 18 da Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local polo que se introduce o artigo 75.bis, da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, así como como no artigo 18 do Real Decreto 24/2018 de 21 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público e concretamente os límites máximos actuais en relación co réxime retributivo dos membros das Corporacións Locais, propónse ó Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes para a presente lexislatura:

Primeiro.- Que o exercicio do cargo da Alcaldía se preste en réxime de dedicación exclusiva, cunha retribución que ascenderá a Tres mil douscentos vinte e oito euros con dous céntimos (3.228,02-) brutos





Concello de Lourenzá

mensuais , distribuídos en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro, cos incrementos anuais que para os funcionarios se establezan nas Leis de Presupostos respectivas. Dita retribución será con efectos do día 18/06/2023.

Segundo.- Que o exercicio de Primeira Tenencia de Alcaldía, que será desempeñado por D. Javier Huertas Otero, se preste en réxime de dedicación parcial, ó 50% da xornada, en réxime de vinte horas semanais, cunha retribución que ascendera a Mil seiscentos catorce euros cun céntimo (1.614,01-) brutos mensuais, distribuídos en doce pagas ordinarias e dúas extraordinarias, en xuño e decembro, cos incrementos anuais que para os funcionarios se establezan nas Leis de Presupostos respectivas. Dita retribución será con efectos do día 18/06/2023.

Recoñecer a compatibilidade das actividades económicas desenvoltas polo primeiro tenente de alcalde, traballador autónomo no sector do comercio ao por menor de mobles, coa dedicación parcial, ao abeiro do disposto no artigo 75.2 da Lei Bases Réxime Local, en relación co artigo 5 da Lei de Incompatibilidades, e en tanto non existe relación directa de tales actividades coas desenvoltas nos departamentos dos que se fará cargo no Concello de Lourenzá.

Terceiro.- Tanto o cargo de Alcaldía como o de Primeira Tenencia da Alcaldía, non recibirán ningún tipo de abono por desprazamentos - Kilometraxe nin dentro nin fora do término municipal nin tampouco por dietas.

Cuarto.- O recoñecemento da dedicación exclusiva á Alcaldía esixirá a dedicación exclusiva ás tarefas propias do cargo e a incompatibilidade expresa coa de calquera outra retribución con cargo ós presupostos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresa delas dependentes.

Quinto.- De acordo co disposto no artigo 13.4 do ROF, o nomeamento dos membros da Corporación para algún destes cargos con dedicación, unicamente surtirá efectos no momento no que sexa aceptado expresamente por este, o que se comunicará ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Sexto.- Formalizar o correspondente contrato de traballo e a alta no réxime xeral da Seguridade Social de conformidade co artigo 75.1 da Lei 7/85 xa citada e artigo 225 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Sétimo.- Que á vista dos acordos precedentes, se proceda, se fose necesario ás adaptacións dos créditos orzamentarios, procedendo para elo, se fose necesario, á tramitación das modificacións de crédito oportunas, en relación co orzamento prorrogado para o presente exercicio.

Oitavo.- Publicar o acordo plenario integramente no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, ao abeiro do disposto no artigo 75.5 LBRL., a efectos de xeral coñecemento. "

SEGUNDO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García, para xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.





Concello de Lourenzá

2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE 30/06/2023 SOBRE DIVERSOS ASPECTOS ORGANIZATIVOS DO CONCELLO.

Vista a proposta da Alcaldía de data 30/06/2023 referente á diversos aspectos organizativos do Concello, o Pleno, en votación ordinaria foi adoptando os seguintes acordos en cada un dos apartados seguintes, a saber:

Primeiro.- A CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en aras a unha maior axilidade administrativa e un mellor funcionamento da vida municipal e de conformidade co disposto no artigo 59 2b) da Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia e artigo 20.1b) da lei 7/85 de Bases e 35.2.d) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sendo o seu obxecto a asistencia permanente ó Alcalde, no exercicio das súas atribucións así como exercer, as atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal delegue o as que lle atribúan as leis.

A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que será o seu Presidente, e por un número de tres concelleiros que serán nomeados libremente polo Alcalde como membros da mesma e axustara o seu funcionamento ó disposto nos artigos 112 y 113 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A Sra. Alcaldesa di que estará formada polos Tenentes de Alcalde, Sr. Arango, Sr. Huertas e a Sra. Dengra así como ela mesma.

A Sra. Fanego Barreira do B.N.G. pregunta pola periodicidade das mesmas, ao que se lle contesta que as sesións ordinarias serán o segundo e último venres de cada mes, ás 10:00 horas e no caso que o día sinalado para sesión ordinaria coincida cun día festivo a mesma se trasladará, co mesmo carácter ordinario, para o primeiro día hábil seguinte.

Dita proposta foi aprobada por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal

Segundo.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS PLENARIAS

As sesións plenarias continuarán coa periodicidade fixada no período legislativo anterior de conformidade co disposto na Lei 5/97 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e polo tanto celebraranse O TERCEIRO XOVES dos meses de XANEIRO, MARZO, MAIO, XULLO, SETEMBRO E NOVIEMBRE, ás once horas (11:00 horas). No suposto de que o día sinalado coincida en festivo ou non laborable, ou existiran razóns xustificadas, o Pleno ordinario poderá celebrarse calquera día da mesma semana ou de calquera outra do mesmo mes, especificándose na convocatoria e na acta da sesión a expresión de "*Pleno substitutivo do que tería que celebrarse o día....*", sen perder por elo o carácter de ordinario.

A Sra. Fanego pregunta se non se poderían poñer pola tarde para ter a posibilidade de que asista o público.

Toma a palabra o Sr. Arango dicindo que hai 8 anos puxéronse ás 20,00 horas con esa intención pero que non asistía público aos Plenos e agora faise mais que nada por a imposibilidade de algúns Concelleiros de asistir polas tardes por motivos laborais.

A Sra. Alcaldesa di que sempre se pode facer algunha excepción por algunha





Concello de Lourenzá

petición veciñal puntual.

Dita proposta foi aprobada por sete votos a favor do PSdG-PSOE e catro abstencións do P.P. e do B.N.G.

Terceiro.- INDENMIZACIÓN POR GASTOS DE DESPRAZAMENTO.

Os Gastos de viaxe en vehículo propio fixaranse en 0,19 Euros/ KM., debendo presentarse conta - liquidación dos quilómetros efectivamente realizados, datas e destino.

Para a xustificación e cobro destas indemnizacións estarase o disposto ó Real Decreto 462/2002 de 24 de Maio sobre indemnizacións por razón do servizo, do Ministerio da Presidencia publicado no BOE. núm.129 de 30/05/2002.

As indemnizacións por asistencia ás sesións e os importes das axudas de custo non experimentarán modificación sendo as seguintes:

Dieta enteira	185,00
Dieta por manutención	90,00
Dieta aloxamento	95,00

No que se refire a indemnización por asistencia a sesións de Plenos e Comisións de que formen parte os membros da Corporación que non teñan recoñecida ningún tipo de dedicación, percibirán as seguintes cantidades:

- Por cada día de concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte: Pleno, Xunta de Goberno, Comisión Especial de Contas e calquera outra Comisión Informativa ou de Estudio específica da que formen parte: 70,00 Euros.

A Sra. Alcaldesa explica que non se cambiou nada respecto a os outros mandatos.

Dita proposta foi aprobada por unanimidades dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal.

Cuarto.- CREACIÓN DA COMISIÓN DE PORTAVOCES DOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Esta Alcaldía propón acorda-la creación, como órgano complementario municipal de carácter informativo a COMISIÓN DE PORTAVOCES DOS GRUPOS MUNICIPAIS que integran a Corporación, que baixo a Presidencia do Sr. Alcalde - Presidente, estará constituída polos portavoces de cada Grupo Político e que no caso de ausencia do seu titular, dos seus suplentes.

A Sra Alcaldesa explica que está formada por a presidenta que é ela mesma e por parte do da Comisión de Portavoces tena ela mesa e os membros de o PSdG-PSOE que é o Sr. Arango, do P.P. o Sr. Díaz e do B.N.G. a Sra. Fanego Dita proposta foi aprobada por unanimidades dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal.

Quinto.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS COMPETENCIA DO PLENO:

FUNDACIÓN SAN SALVADOR	D ^a . Rocío López García.
------------------------	--------------------------------------





Concello de Lourenzá

	D. Javier Huertas Otero.
CONSELLO ESCOLAR	D. Manuel Arango Ron
	<u>Suplente:</u> D. Javier Huertas Otero.
MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA MARIAÑA	D ^a . Rocío López García.
	D. Mario Leitón Ramallal.
GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL GDR	D ^a . Rocío López García
	D ^a . Sonia Gavino Reigosa.
Nos demais órganos será a Alcaldía o representante da Corporación.	

A Sra. Alcaldesa explica a representación da Corporación nos órganos colexiados.

A Sra. Gallo Fernández pregunta como é a situación actual da Fundación San Salvador, a Sra. Alcaldesa contesta que é unha situación complicada, que non se renovaron os cargos, non se actualizou que seguen os membros que a formaron e que habrá que actualizala. A Sra. Gallo pregunta se ten fondos e dí que si.

A Sra. Fanego pregunta de quen depende ao que a Sra. Alcaldesa contesta que dos membros da directiva.

A continuación comentase a donde irían a parar os fondos.

Dita proposta foi aprobada por unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal.

Sexto.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS:

De conformidade co disposto no artigo núm. 66 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia e no artigo nº127 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/86 , procede a creación da Comisión Especial de Contas, correspondéndolle as funcións de exame, estudo e informe de todas as contas, presupuestarias e extrapresupuestarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, dacordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais, e debe estar constituída polos membros dos distintos grupos políticos da Corporación e o número será proporcional á súa representatividade no Concello.

Dita Comisión estaría integrada por cinco membros, tres do Partido Socialista de G.-P.S.O.E. , un do Partido Popular e un do Bloque Nacionalista Galego, quedando constituída da seguinte forma:

PRESIDENTE	D ^a . Rocío López García	P.S. de G.-P.S.O.E.
SUPLENTE	D. Manuel Arango Ron	P.S. de G.-P.S.O.E.
VOGAL	D ^a .M ^a . Mercedes Dengra Sixto	P.S. de G.-P.S.O.E.
SUPLENTE	D. Mario Leitón Ramallal	P.S. de G.-P.S.O.E.
VOCAL	D. Javier Huertas Otero	P.S. de G.-P.S.O.E.
SUPLENTE	D ^a . Sonia Gavino Reigosa	P.S. de G.-P.S.O.E.
VOGAL	D. Roberto Díaz Exposito	P.P.





Concello de Lourenzá

SUPLENTE	D ^a . Sandra Gómez Maradona	P.P.
VOGAL	D ^a . Maria Belén Fanego Barreira	B.N.G.
SUPLENTE	D ^a . Maria Belén Fanego Barreira	B.N.G.

Sétimo.- Facultar á Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García, para xestión de trámites e sinatura de documentos que sexan necesarios para a execución do presente acordo.

Dita proposta foi aprobada por unanimidades dos once concelleiros presentes na sesión e que constitúen o seu número legal.

3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE 30/06/23 SOBRE DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓN DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Vista a proposta da Alcaldía de data 30/06/2023 sobre delegación de competencias do pleno na xunta de goberno local, e unha vez que se tivo acordado a existencia da mesma no punto anterior, o Pleno, en votación ordinaria co voto a favor dos 7 concelleiros do PSdG-PSOE e tres do Partido Popular e a abstención da concelleira do B.N.G. que explica o seu voto dicindo que lle parece que é valeirar o contido das funcións do Pleno e que todo se resolva con Resolucións da Alcaldía, explicándose pola Sra. Alcaldesa que é por razóns de operatividade, adoptou o acordo seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a Proposta de referencia nos termos nos que está redactada, sendo o seu contido literal o que segue:

“D^a. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa - Presidenta deste Concello á vista do disposto no artigo 51.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro, proponse ó Pleno a adopcións dos acordos seguintes en relación coa delegación de atribucións das competencias plenarias na Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local, por razón de eficacia e operatividade, as seguintes competencias dentro das que legalmente son delegables, e que ten atribuídas o Pleno no artigo 22 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local:

1.- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenarias así como a declaración de lesividade dos actos do concello.

2.- Resolucións dos expedientes de investigación de situacións dos bens e dereitos que se presuman de propiedade municipal así como os tramitados para a recuperación da posesión dos bens de dominio público o patrimoniais do concello.





Concello de Lourenzá

3.-A concertación de operacións de crédito cando a súa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10% dos recursos ordinarios do presuposto , agás as de Tesourería, que lle corresponderan cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, todo elo de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

4.- O recoñecemento extraxudicial de créditos sempre que non exista dotación presupostaria.

5.- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministro, de servizos, de concesión de obras, de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais que de conformidade co establecido nos números 2 e 3 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014, cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou a contía de seis millóns de euros, (6.000.000,00) incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, cando o importe de todas as anualidades supere a porcentaxe indicada referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio ou a contía sinalada, excepto os contratos de concesión de servizos que excedan de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento, xa que de conformidade co artigo 47.2 j) da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local, a adopción do correspondente acordo esixe un quórum especial.

6.- A celebración de contratos privados así como a adxudicación de concesións sobre bens do Concello e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o o presuposto base de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, xa citada, supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do presuposto ou o importe de tres millóns de euros, excepto as concesións por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ao esixir a adopción do correspondente acordo quórum especial, de conformidade co establecido no artigo 47.2 j) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

7.- As competencias en materia de alleamento de patrimonio que corresponden ao Pleno do Concello de conformidade coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, coa excepción do alleamento dos bens declarados de valor histórico ou artístico así como dos ben tanto mobles como inmoebles cuxa contía exceda do 20 por cento dos recursos ordinarios do orzamento ao esixir a adopción do correspondente acordo quórum especial, de conformidade co establecido no artigo 47.2m) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.

8.- A aprobación dos proxectos de obras e/ou servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos nos presupostos.





Concello de Lourenzá

9.- Iniciación, tramitación e resolución dos expedientes de expropiación forzosa e solicitude á Xunta de Galicia de declaración de urxente ocupación.

10.- A solicitude de calquera tipo de subvención ou axuda económica destinada á execución de obras, servizos ou abastecementos, para as que sexa necesario acordo plenario agás que sexa obrigatorio.

11.- Aceptación de subvencións ou aprobacións de Convenios outorgados co gallo das solicitudes tramitadas en exercicio da delegación a que se fai referencia no apartado anterior.

12.- Aquelas outras que expresamente lle atribúan as leis agás as que requiran un quórum especial dos membros da Corporación para adopción de acordos.”

SEGUNDO.- As delegacións que se acordaron nos apartados anteriores suxeitaranse ó seguinte réxime xurídico:

a) As facultades que poderá exercer a Xunta de Goberno Local en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as propias que correspondan ao órgano deléxante, e inclúen expresamente a facultade de resolver os recursos de reposición interpostos contra os actos ditados polo órgano delegado.

b) O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nos acordos que se adopten, de conformidade co que dispón o artigo 9 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

c) O Pleno da Corporación, conforme ao establecido nos artigos 44.1 e 116 do R. Decreto 2568/1986, a facultade de abocar en calquera momento a competencia sobre calquera asunto ou materia obxecto de delegación seguindo as mesmas formalidades aplicadas para otorgalas.

d) O órgano delegante conservará as facultades de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos e disposicións que emanen en virtude da delegación, e debe ser informado con anterioridade á adopción de decisións de transcendencia, de acordo co disposto no artigo 115 do R. Decreto 2568/1986,

TERCEIRO.- O réxime xurídico aplicable á presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e con carácter xeral na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

CARTO.- A presente delegación de atribucións surtirá efecto a partir do día seguinte ó da adopción do preceptivo acordo municipal, se procede, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ao establecido no artigo 51.2 do R. D.2568/86 de 28 de novembro, así como na sede electrónica ou páxina web da Entidade Local co fin de dar cumprimento ás obrigas de publicidade previstas no artigo 6 da Lei 19/2013 de 9 decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE RELATIVA A





Concello de Lourenzá

ATENCIÓN PEDIÁTRICA EN LOURENZÁ.

Pola Sra. Alcaldesa explícase o contido da moción, que se anexa a acta, así como as reunións que mantivo cos pais dos nenos de atención pediátrica.

O Sr. Arango indica que se presentou tamén unha moción sobre o mesmo tema polo Grupo do B.N.G. aínda que non se pode admitir a trámite por ser unha sesión extraordinaria.

A Sra. Fanego da lectura a dita moción que tamén se anexa a esta acta.

Tras un debate acórdase engadir no punto primeiro da moción que, a consulta pediátrica sexa de luns a vernes e engadir o punto número 3 da moción do BNG.

O Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos once membros que constituén a maioría legal, ACORDA:

1º.- Aprobar a moción do grupo Municipal do PSOE, coas modificacións indicadas, quedando redactada como sigue:

“O grupo municipal socialista presenta a seguinte moción ao Pleno da Corporación, demandando a cobertura do servizo de pediatría no Centro de Saúde do Concello.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o Servizo Galego de Saúde (Sergas) non se está a garantir o dereito das nenas e nenos do municipio a ser atendidos por un especialista en pediatría en caso de enfermidade.

Tamén se está incumprindo o calendario de vacinas, co grave risco que esto pode supor.

A situación actual supón un grave retroceso, pois na actualidade non existe consulta de pediatría, tal e como existía nos anos previos á pandemia COVID. Isto supón que os pais/nais de Lourenzá se teñan que desprazar cos seus fillos ao Centro de Saúde de Mondoñedo, onde hai que solicitar cita previa e onde nin sequera se ten a seguridade de ser atendida a consulta os tres días da semana que esta establecido.

Todo isto fai que cada vez máis se teña que recurrir a consultas privadas para que os nenos e nenas do municipio podan ser atendidos en caso de enfermidade ou vacinación.

ACORDO

Demandar da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia as seguintes medidas:

1.- Se restableza a consulta da especialidade de pediatría no Centro de Saúde de Lourenzá de luns a venres, ou polo menos, tal e como se viña realizando nos anos previos a pandemia COVID.

2.- Que a consulta pediátrica no Centro de Saúde de Mondoñedo se amplíe aos cinco días laborais da semana, se o profesional se ausenta por vacacións ou permisos que lle correspondan, cubrir a súa ausencia, na medida do posible en xornadas de tarde nas que se realizarán con preferencia as revisións do “Programa do Neno San”, evitando así as dilacións no calendario de vacinación. Esta xornada vespertina, sería no Centro de Saúde de Mondoñedo, posto que a localización do PAC neste Concello facilita que o





Concello de Lourenzá

centro se atope aberto durante al 24 horas do día.

3.- Dotación da especialidade de pediatría na sección de urxencias do hospital de A Mariña, que garanta a atención dende o primeiro momento aos pacientes en idade pediátrica que acudan ao devandito servizo.

4.- Esta moción aprobada, trasladarase aos Concellos de Barreiros e Mondoñedo para que adopten acordos neste sentido.

B.- ACTIVIDADE DE CONTROL

5.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 30/06/2023 SOBRE NOMEAMENTOS DE TENIENTES DE ALCALDE.

Neste punto deuse conta da Resolución da Alcaldía epigrafiada que é do tenor literal seguinte:

“D^a. ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTE DO CONCELLO DE LOURENZÁ, PROVINCIA DE LUGO,

Vista a celebración das eleccións municipais o día 28 de maio de 2023 e procedéndose o día 17 de xuño de 2023 á constitución da nova Corporación Local. En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 e 23.3 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto no artigo 61.2 da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local en Galicia, e nos artigos 46 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, corresponde ó Alcalde/sa designar libremente ós Tenentes de Alcalde/sa e polo tanto

VEÑO EN DISPOÑER:

Primeiro.- Designar como 1^o Tenente de Alcalde a D. Javier Huertas Otero, como 2^o Tenente de Alcalde a D. Manuel Arango Ron e como 3^o Tenente de Alcalde a D^a. Mercedes Dengra Sixto.

Segundo.- Os citados Tenentes de Alcalde substituirán na totalidade das súas funcións ó Titular da Alcaldía nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite este para o exercicio das súas atribucións, na orde de designación .

Terceiro.- Notificar persoalmente a presente resolución ós designados que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa en contra.

Carto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte da sinatura da resolución pola Alcaldía.

Quinto.- A dación de conta ó Pleno Municipal na primeira sesión que se celebre.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Doña Rocío López García.

Pola Secretaría tomase razón para a súa transcrición ó Libro de Resolucions, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).”

6.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE 30/06/2023 SOBRE DELEGACIÓNS DE ÁREAS ESPECÍFICAS DE ACTUACIÓN MUNICIPAL.





Concello de Lourenzá

Neste punto deuse conta da Resolución da Alcaldía epigrafiada que é do tenor literal seguinte:

“Celebradas as eleccións locais o pasado día 28 de maio do 2023 , e sen prexuízo das competencias da Xunta de Goberno Local, no seu caso, pola Alcaldía, considerando que ós efectos dunha maior eficacia na xestión dos diversos servizos municipais faise preciso un reparto de funcións e atribucións, coordinados en todo caso pola Alcaldía- Presidencia da entidade, e polo que ó abeiro do disposto no artigo 61.3 da Lei 5/1997 do 22 de xullo , de Administración Local de Galicia, artigo 21.3. e 23.4 da Lei 7/1.985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co artigo 43,44, 45 e 51 do Real Decreto 2.568/1.986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por esta Alcaldía , VEÑO EN RESOLVER:

Primeiro.- Delegar xenericamente a dirección interna e xestión dos servizos das áreas de traballo correspondentes, que non inclúan a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, nas seguintes materias e nos Sres. Concelleiros que se citan:

Delegación de Obras, Urbanismo, Infraestruturas, Tráfico, Comercio e Participación: D. Javier Huertas Otero.

Delegación de Educación, Cultura, Normalización Lingüística e Festexos : D. Manuel Arango Ron.

Delegación de Benestar Social, Sanidade, e Igualdade: D^a. M^a. Mercedes Dengra Sixto.

Delegación de Medio Ambiente e Desenvolvemento Rural :D. Mario Leitón Ramallal.

Delegación Xuventude e Turismo : D^a Sonia Gavino Reigosa.

Delegación Deportes : D. Francisco Javier Suárez Vázquez.

Segundo.- Notificar persoalmente a presente Resolución ós designados que se considerará aceptada tacitamente salvo manifestación expresa, e remitir a Resolución de nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia para a publicación no mesmo así como publicalo no Taboleiro de Anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á sinatura da Resolución da Alcaldía.

Terceiro.- Dar conta ó Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que se celebre.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, Doña Rocío López García.

Pola Secretaría tomase razón para a súa transcripción ó Libro de Resolucions, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2. RD 128/2018, de 16 de marzo).”

7.- DACIÓN DE CONTA DA FORMACIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E VOCEIROS.

A continuación, por parte da Sra. Alcaldesa, D^a. Rocío López García, deuse lectura ós escritos presentados referentes á formación dos Grupos Políticos





Concello de Lourenzá

de conformidade co disposto nos artigos 23-25 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro, quedando constituídos os que se relacionan a continuación:

GRUPO POLITICO P. S. de G.-P.S.O.E.

D^a. Rocío López García.

D. Javier Huertas Otero- Suplente Voceiro

D. Manuel Arango Ron- VOCEIRO.

D^a. M^a. Mercedes Dengra Sixto. Suplente Voceira

D. Mario Leitón Ramallal.

D. Francisco Javier Suárez Vázquez.

D^a. Sonia Gavino Reigosa.

GRUPO POLÍTICO P.P.

D. Roberto Díaz Expósito.-VOCEIRO

D^a. Sandra Gómez Maradona. Suplente Voceira

D^a Remedios Gallo Fernandez

GRUPO POLÍTICO B.N.G.

D^a. M^a Belén Fanego Barreira.- VOCEIRA

